

Corrección de erros.-Orde do 30 de novembro de 2010 pola que se aproban as bases e se convocan axudas, complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Suza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2010/2011.

Advertido erro na cita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 236, do 10 de decembro de 2010, é necesario efectuar a oportuna corrección:

No artigo 8º.2. Tramitación. Onde di: «As listas provisionais de admitidos e excluídos por documentación serán expostas o día 23 de xaneiro de 2011», debe dicir: «As listas provisionais de admitidos e excluídos por documentación serán expostas o día 23 de febreiro de 2011».

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 26 de novembro de 2010 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2010, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Pontevedra a Festa do Gaiteiro de Soutelo de Montes que se celebra no concello de Forcarei.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de outubro de dous mil dez, adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia da Pontevedra a Festa do Gaiteiro de Soutelo de Montes, que se celebra o primeiro sábado despois do dezaseis de agosto de cada ano no concello de Forcarei, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20º do dito decreto, ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2010.

P.D. (Orde 2-5-2009, DOG nº 155)
Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura
e Turismo

Resolución do 26 de novembro de 2010 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2010, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa de San Miguel e Danza das Espadas que se celebra no concello de Marín.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de outubro de dous mil dez, adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa de San Miguel e Danza das Espadas, que se celebra o vinteno de setembro de cada ano no concello de Marín, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20º do dito decreto, ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2010.

P.D. (Orde 2-5-2009, DOG nº 155)
Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura
e Turismo

Resolución do 26 de novembro de 2010 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2010, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Faguía do Carnés que se celebra no concello de Vimianzo.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e un de outubro de dous mil dez, adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Faguía do Carnés, que se celebra o nove de xullo de cada ano no concello de Vimianzo, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20º do dito decreto, ordénase a publicación do acordo no *Diario Ofi-*